

ANEXO V

Solicitud de contraetiquetas para embotellados amparados pola indicación xeográfica *Viño da Terra Val do Miño-Ourense*

D/Dª: _____, con DNI _____ en representación da empresa _____ con domicilio en _____ en aplicación do artigo 11 da Orde do _____ de 2009 pola que se modifica e refunde a normativa reguladora da indicación xeográfica *Viño da Terra Val do Miño-Ourense* e tendo presentado en tempo e forma as declaracións de entradas de uvas e de produción indicadas nela,

SOLICITA:

As contraetiquetas correspondentes para a utilización no etiquetado das seguintes partidas de viño que foron elaboradas cumprindo o establecido na devandita orde.

Depósito	Litros	Tipo de viño (B/T)	Variedade	Envases (1)				Marca comercial
				0,375	0,50	0,75	*	

* Outra capacidade permitida

(1) Indicar número de envases

.....de.....de 200....

ANEXO VI

Modelo de contraetiqueta (na aplicación B/N) empregada no control da indicación xeográfica *Viño da Terra Val do Miño-Ourense*



CONSELLERÍA DE SANIDADE

Decreto 25/2009, do 12 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público de diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2009.

De conformidade coas previsións contidas no artigo 115.3º da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, así como no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en relación coa convocatoria periódica de procedementos de selección de persoal que garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso, procede afrontar a oferta de emprego público de diversas

categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2009.

O ámbito da dita oferta circunscríbese ás categorías de persoal estatutario incluídas no anexo deste decreto.

En consecuencia, tendo en conta as prazas vacantes nas distintas categorías de persoal estatutario que afectan o funcionamento dos servizos públicos esenciais, de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 16/2008, do 23 decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, procede a aprobación da oferta de emprego público relativa a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2009.

Na súa virtude, por proposta da persoa titular da Consellería de Sanidade, logo da negociación coa representación sindical no seo da mesa sectorial de negociación do persoal sanitario ao servizo da comunidade autónoma e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día doce de febreiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Aprobación da oferta de emprego público.

De conformidade co disposto no artigo 13.8º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia así como no artigo 31 da Lei 16/2008, do 23 decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, apróbase a oferta de emprego público do persoal estatutario das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde para o ano 2009 de diversas categorías de persoal estatutario incluídas no anexo deste decreto.

Artigo 2º.-Cuantificación da oferta de emprego público.

Na oferta de emprego público inclúense as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poden ser cubertas con efectivos de persoal existentes segundo a distribución que se detalla no anexo deste decreto.

Artigo 3º.-Sistema de selección.

De conformidade co establecido no artigo 6.1º do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, antes citado, en todas as categorías que se convoquen o sistema de selección será o de concurso-oposición.

Artigo 4º.-Composición dos tribunais de selección.

A composición dos tribunais de selección tenderá á paridade entre o home e a muller para o conxunto da oferta de emprego público do Servizo Galego de Saúde.

De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, a pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, e non se poderá ter esta en representación ou por conta de ningún.

Artigo 5º.-Promoción interna.

1. Reservarase un cincuenta por cento do total das prazas convocadas en cada categoría para a súa provisión polo sistema de promoción interna.

Non obstante o anterior poderá establecerse unha reserva inferior cando así veña xustificada pola planificación eficiente das necesidades, polas características específicas da categoría ou pola propia titulación requirida para o acceso.

2. Cando o resultado da aplicación da citada porcentaxe dea un resto igual ou superior a 0,5 prazas,

computarase como unha praza que se incluírá nesta reserva.

3. As prazas non cubertas acumularanse ao sistema de acceso libre.

Artigo 6º.-Persoas con discapacidade.

1. Nos procesos selectivos para o ingreso nas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde serán admitidas as persoas con discapacidade nos termos previstos neste artigo e demais normativa aplicable.

As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións psíquicas e/ou físicas sen prexuízo das incompatibilidades co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

2. De conformidade co establecido na disposición adicional sétima do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, antes citado, reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes ofertadas para seren cubertas por persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no artigo 1.2º da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade así como a compatibilidade no desempeño das súas funcións, de modo que, progresivamente, se alcance o dous por cento dos efectivos totais da Administración da Xunta de Galicia.

A reserva farase sobre o cómputo total das vacantes incluídas nesta oferta de emprego público e poderán concentrarse as prazas reservadas para persoa con discapacidade naquelas convocatorias que se refiran a categorías cuxo desempeño se adapte mellor ás peculiaridades das persoas con discapacidade, podendo excluír desta reserva aquelas categorías que se consideren incompatibles coas tarefas ou funcións que requiran os postos de traballo, sen que a cota de reserva total se vexa alterada.

Cando da aplicación da porcentaxe resulten fraccións decimais arredondarase por exceso para o seu cómputo.

O número de prazas reservadas quedará recollido na correspondente convocatoria.

Se as prazas reservadas e que foron cubertas polas persoas con discapacidade non acadasen a taxa do tres por cento das prazas convocadas, as prazas non cubertas acumularanse á cota do sete por cento da oferta seguinte, cun límite máximo do doce por cento.

3. A opción a prazas reservadas terá que formularse na solicitude de participación nas convocatorias con declaración expresa dos interesados de reunir a condición exixida ao respecto, que se acreditará, se obtívese praza, mediante certificación dos órganos competentes.

4. As probas selectivas realizaranse en condicións de igualdade co resto dos aspirantes de promoción interna ou de acceso libre, segundo corresponda. Non obstante o anterior, no desenvolvemento das probas selectivas estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten as adaptacións e axustes razoables necesarios de tempo e de medios para a súa realización, de acordo co disposto na Orden PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, para asegurar que estas persoas participen en condicións de igualdade. Nas convocatorias indícarase expresamente esta posibilidade, así como que os interesados deberán formular a correspondente petición concreta na solicitude de participación.

Para tal efecto, os tribunais de selección poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou dos órganos competentes.

5. Con anterioridade ao nomeamento e unha vez superado o proceso selectivo o Servizo Galego de Saúde poderá requirir, respecto das persoas que acceden por esta cota de reserva, ditame do órgano competente sobre a compatibilidade do candidato para o posto de traballo ou sobre as adaptacións deste.

6. As convocatorias deberán incluír a posibilidade de que unha vez cubertas as prazas desta cota, os aspirantes que superasen o proceso selectivo, pero non obteñan praza pola cota de reserva, poidan optar, en igualdade de condicións, ás prazas do sistema de acceso libre.

7. Os aspirantes que superasen o proceso selectivo pola cota de prazas reservadas a persoas con discapacidade poderán solicitar ao órgano convocante a alteración da orde de prelación para a elección das prazas dentro do ámbito territorial que se determine na convocatoria, por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditados. O órgano convocante decidirá a devandita alteración cando esta debidamente xustificada, e deberá limitarse a realizar a mínima modificación na orde de prelación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa con discapacidade.

Artigo 7º.-Acreditación do coñecemento da lingua galega.

Para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego e garantir o dereito dos usuarios dos distintos servizos sanitarios do Servizo Galego de Saúde ao seu uso, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, terá que acreditarse o coñecemento da lingua galega nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

Artigo 8º.-Comisións ou grupos de traballo.

1. O órgano convocante, en atención ao elevado número de aspirantes, poderá nomear comisións ou grupos de traballo para realizar as tarefas auxiliares de carácter técnico ou organizativo que lle sexan encomendadas, sen que a súa actuación afecte as competencias e a autonomía dos tribunais de selección.

2. Os membros destas comisións ou grupos de traballo absteranse de intervir no procedemento cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 28.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os membros das comisións ou grupos de traballo percibirán as asistencias previstas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia ou norma que o substitúa.

Para tal efecto, serán clasificados conforme o artigo 26.2º do devandito decreto.

Disposición adicional

As convocatorias adaptaranse ás previsións da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, en relación coas condicións de emprego da Administración pública.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Consellería de Sanidade para ditar, dentro das súas competencias, as normas precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de febreiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

ANEXO

Categoría	Total prazas ofertadas
Albanel	3
ATS/DUE	1.099
DUE Saúde mental	9
Auxiliar enfermaría	535
Calefactor/a	9
Carpinteiro/a	6
Celador/a	242

Categoría	Total prazas ofertadas
Cociñeiro/a	9
Costureiro/a	10
Electricista	17
Enxeñeiro/a técnico/a	7
Fisioterapeuta	54
Fontaneiro/a	10
Grupo auxiliar función administrativa	117
Grupo administrativo función administrativa	7
Grupo técnico función administrativa	10
Grupo xestión función administrativa	26
Hixienista dental	37
Lavandeira	10
Logopeda	2
Matrona	40
Mecánico/a	14
Perruqueiro/a	3
Persoal servizos xerais	299
Pinche	101
Pasador/a de ferro	14
Técnico/a especialista anatomía patolóxica	10
Técnico/a especialista laboratorio	57
Técnico/a especialista radiodiagnóstico	84
Técnico/a especialista radioterapia	8
Técnico/a especialista informática	9
Técnico/a xestión sistemas T.I.	9
Técnico/a superior sistemas T.I.	1
Telefonista	5
Terapeuta ocupacional	8
Traballador/a social	30
	2.911

Orde do 26 de xaneiro de 2009 pola que se modifica o nome da Escola Universitaria de Enfermaría Juan Canalejo da Coruña.

Mediante Decreto 163/2008, do 17 de xullo, foi modificado o nome do Complexo Hospitalario Juan Canalejo polo de Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Con data do 30 de outubro de 2008, foi publicado o Decreto 242/2008, do 9 de outubro, polo que se regulan a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade, entre as cales se inclúe a Escola Universitaria de Enfermaría da Coruña, adscrita á Universidade da Coruña.

Tendo en conta o anterior, cómpre proceder á modificación do nome da Escola Universitaria de Enfermaría Juan Canalejo para unificalo co disposto no citado Decreto 163/2008.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do

22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo único.-A Escola Universitaria de Enfermaría Juan Canalejo, dependente da Consellería de Sanidade, pasa a denominarse Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2009.

María José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

Resolución do 26 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se fai pública a realización dun curso homologado de nivel básico para a obtención do carné de aplicador/manipulador de biocidas.

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandaría e Montes e de Sanidade e Servizos Sociais, polo que se establece na comunidade autónoma de Galicia, a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, así como para a obtención do carné de manipuladores destes produtos, establece no seu artigo 8.6 que os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo comunicarán, aos organismos responsables na comunidade autónoma, a homologación dos ditos cursos e, no seu artigo 9, a obrigatoriedade de que o organismo oficial responsable publique no *Diario Oficial de Galicia* a información correspondente a cada curso que vai ter lugar.

En consecuencia, anúnciase a realización dun curso de aplicador/manipulador de biocidas, nivel básico, homologado polas direccións xerais de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Consumo e de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, solicitado pola entidade Academia A Mariña, de acordo coas seguintes bases:

1. Denominación do curso:

Curso para a capacitación de aplicadores/manipuladores de produtos biocidas. Nivel básico.

2. Entidade organizadora.

Academia A Mariña.

3. Data.

Os días 9, 16 e 23 de maio de 2009.

4. Lugar de realización.

Academia A Mariña.

Av. Arcadio Pardiñas, 44. 27880 Burela (Lugo).